

# CHIBOS CHIBÓNS

Adaptación de OLALLA GONZÁLEZ

Ilustracións de FEDERICO FERNÁNDEZ

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 14 €

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)  
PROGRAMA NACIONAL DE LECTURA (SEP México) - 2007  
PROGRAMA NATI PER LEGGERE (Italia) - 2012

**Chibos chibóns** (galego)

ISBN 978-84-8464-617-4. Álbum ilustrado. Os contos do trasno.

**Chivos chivones** (castelán)

ISBN 978-84-96388-55-0. Álbum ilustrado. Cuentos tradicionales.

**Chivos chivones** (castelán)

ISBN 978-84-96388-22-2. Álbum ilustrado. De fácil lectura. Makakiños.

**Cabres cabretes** (català)

ISBN 978-84-16804-91-7. Àlbum il·lustrat. Contes tradicionals.

**Antxume bizardunak** (euskara)

ISBN 978-84-7681-820-6. Album irudidunak. Herri ipuinak.

**Chibos sabichões** (português)

ISBN 978-972-8781-85-9. Álbum ilustrado. Contos tradicionais.

**Capretti caproni** (italiano)

ISBN 978-84-8464-474-3. Albo illustrato. I racconti tradizionali.

**The three billy goats** (inglés)

ISBN 978-84-92608-39-3. Picture book. Books for dreaming.

*Había unha vez tres chibos que vivían no alto dunha montaña:*

*o chibo chibón pequeno, o chibo chibón mediano*

*e o chibo chibón grande...*

Un día viron unha herba moi verde que crecía no outro lado do río.


Pero para chegar aló había que cruzar unha ponte e debaixo dela vivía un ogro terrible que non deixaba pasar a ninguén. Así pois, o chibo pequeno, o chibo mediano e o chibo grande tiveron que argallar o xeito de burlar o monstro. Unha historia que demostra que a intelixencia e o enxeño poden máis que a forza física.

Olalla González adaptou para os primeiros lectores este conto popular europeo, cunha versión especialmente creada para ser contada. En «Chibos chibóns», os cativos atoparán un xogo de tamaños, números e sons que tamén se traduce nun xogo tipográfico a través das páxinas do libro. Federico Fernández achégalle á historia grandes doses de humor, creando personaxes dotados de moita expresividade nos seus xestos e actitudes.

Existe outra versión deste álbum adaptada ao sistema de pictogramas na colección Makakiños de KALANDRAKA, destinada a persoas con necesidades de apoio educativo.

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** a astucia fronte á forza.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** dispoñible na colección Makakiños para persoas con necesidades de apoio educativo; da autora de «Un máis» e «Garavanciño»; do ilustrador de «Aurelio» e autor de «Balea»; xogo de tamaños, formas e sons; diferenza entre pequeno, mediano e grande; distancias; en KALANDRAKA TV: <https://kalandraka.tv/gl/videos/chibos-chibons/>

■ **Avance do libro:**

[https://issuu.com/kalandraka.com/docs/chib-os-chibons-g\\_b23b1587eed299](https://issuu.com/kalandraka.com/docs/chib-os-chibons-g_b23b1587eed299)

## Olalla González

(Marín, 1977)

Diplomada en Maxisterio, na especialidade de Educación Primaria. Especialista en animación á lectura, é mestra, narradora e imparte obradoiros de plástica e de literatura. Traballou na librería Libros para Soñar, no departamento de edición de Kalandraka e coordinou o espazo LoboCoxo en Bueu. Tamén adaptou o conto tradicional «Garavanciño» (KALANDRAKA).

## Federico Fernández

(Vigo, 1972)

Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo, na especialidade de Pintura. Entre outras distincións, recibiu o 1º Premio Nacional de Ilustración 2001 por «Onde perdeu Lúa a risa?», publicado por KALANDRAKA. Na mesma editorial tamén ilustrou «Balea» e «Aurelio», ademais de participar na obra colectiva «Miguel Hernández, 25 poemas ilustrados» (3º Premio Nacional de Edición-Libro de Arte). Foi un dos promotores do espazo artístico El Halcón Milenario (Vigo). Actualmente é profesor na Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo.

<https://mambogallery.com/artist/federico-fernandez-alonso/>

<http://www.kalandraka.tv/gl/video/fredi>

